




CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA



BENESTAR EN BALNEARIOS

Aberto o prazo para solicitar praza no programa **“Benestar en Balnearios” da Xunta 2013**

BALNEARIOS NA MODALIDADE DE “todo incluído” E PREZOS POR PRAZA

Balneario de Acuña - <i>Caldas de Reis</i> – (Pontevedra).- 377,50 €/praza
Balneario de Arnoia – <i>Arnoia</i> – (Ourense).- 377,50 €/praza
Balneario de Augas Santas – <i>Ferreira de Pantón</i> – (Lugo).- 398,61 €/praza
Balneario de Baños da Brea – <i>Vila de Cruces</i> – (Pontevedra).- 377,50 €/praza
Balneario de Baños de Molgas – <i>Baños de Molgas</i> – (Ourense).- 316,64 €/praza
Balneario de Caldelas de Tui – <i>Tui</i> – (Pontevedra).- 316,64 €/praza
Gran Balneario – <i>O Carballiño</i> – (Ourense).- 316,64 €/praza
Balneario de Carballo – <i>Carballo</i> – (A Coruña).- 377,50 €/praza
Termas de Cuntis – <i>Cuntis</i> – (Pontevedra).- 398,61 €/praza
Balneario de Laias – <i>Cenlle</i> – (Ourense).- 398,61 €/praza
Balneario de Lobios Caldaria – <i>Lobios</i> – (Ourense).- 377,50 €/praza
Balneario do Río Pambre – <i>Palas de Rei</i> – (Lugo).- 377,50 €/praza
Balneario Termas Romanas – <i>Lugo</i> – (Lugo).- 398,61 €/praza



QUENDAS

As quendas varían segundo o balneario solicitado e van dende o 3 de xuño ata o 23 de outubro do 2013 .

Requisitos:

1. Ser maior de 65 anos ou maior de 60 reunindo a condición de pensionista.
2. Residir na Comunidade Autónoma de Galicia
3. Valerse por si mesmo, atoparse en condicións de asistir e non padecer enfermidade infecto-contaxiosa nin trastornos mentais
4. Precisar o tratamento termal solicitado e carecer de contraindicación médica para a súa recepción
5. Ter uns **ingresos persoais mensuais inferiores a 763,61 €**
6. Ter no prazo que se estableza, achegada a solicitude xunto coa documentación requirida, acadada a puntuación que lle permita acceder ao destino solicitado e, ter aceptada a praza e feito o pagamento do prezo estipulado.

Documentación:

- Fotocopia do DNI do solicitante, do cónxuxe ou acompañante se procede (**SÓ** no caso de non asinar na solicitude a autorización para a súa consulta).
- No caso de que dúas persoas queiran acudir xuntas ao mesmo destino e quenda, **achegarán unha única solicitude**, para a súa baremación conxunta.

Prazo e lugar de solicitudes: Ata o **12 de abril de 2013** nas dependencias de Servizos Sociais, Igualdade, Saúde e Deportes do Concello.

Camariñas, 4 de abril de 2013

A concelleira de Servizos Sociais, Igualdade, Saúde e Deportes

M^a Carmen Linares Chica

Este documento ten exclusivamente carácter divulgativo sen que o seu contido teña valor xurídico vinculante.